




Substantivos e
adxectivos.




Definición

- **Substantivo:** É unha clase de palabras que serve para designar seres vivos, obxectos, ideas, sensacións, etc.
- **Adxectivo:** É unha clase de palabras que modifica o substantivo expresando propiedades ou características deste.



Clasificación dos substantivos



A yellow diamond-shaped background. At the top left, a red crayon is shown with a red squiggly line extending from its tip. At the bottom right, a blue crayon is shown with a blue squiggly line extending from its tip. The text "Formación do xénero e do número" is centered in red.


Formación do xénero e do número

Formación do xénero

- Temos substantivos **INVARIABLES**:


- Son **FEMININOS**:

- Moitas árbores froiteiras e o seu froito. Ex. *a laranxeira – a laranxa; a cerdeira – a cereixa...*
- Subst. rematados en **-AXE**, *a paisaxe, a mensaxe*. Agás *o traxe, o paxe, o garaxe*.
- Subst. rematados en **-SE,-TE,-ITE, -POLE**. Ex. *a análise, a diabete, a hepatite, a metrópole,...*
- Subst rematados en **-ADE**. Ex. *a liberdade, a facultade, a lealdade, a bondade,...*
- Outros substantivos *a ponte, a orixe, a dor, a calor, a arte, a orde, a epígrafe...*




Formación do xénero

- Temos substantivos **INVARIABLES**
- Son **MASCULINOS**:
 - Moitas árbores froiteiras e o seu froito. Ex. *o limoeiro – o limón; o pexegueiro – o pexego...*
 - Nomes das letras do alfabeto: *o erre, o xe, o hache, o que...*
 - Subst. rematados en **–UME**: *o lume, o alcume, o cume. Agás a pesadume, a servidume*
 - Subst. rematados en **–ME, -OTE, -OI** : *o nome, o exame, o lote, o dote, o boi, o bocoi...*
 - Outros subst.: *o couce, o fel, o ubre, o labor, o leite, o cárcere, o sangue, o sinal, o diadema...*



Formación do xénero

- Temos substantivos **VARIABLES** que forman o xénero feminino de diversas formas:
- Mediante macho / femia: *leopardo macho / leopardo femia ; aguia macho/aguia femia,...*
- Mediante sufixos **-IÑA / -INA / -ESA / -TRIZ / -ISA**: *galo/galiña; heroe/ heroína; actor/actriz; papa/papisa...*
- Mediante lexemas distintos: *home/muller; boi, touro/vaca;*
- Mediante a concordancia: *o/a cantante; o/a deportista; o/a hóspede; o/a alxuíve; o/a mártir; o/a somalí...*



Formación do xénero



- Temos substantivos **VARIABLES** que forman o xénero feminino de diversas formas:
- Se o masculino remata en **-O / -E** forman o feminino en **-A**: Ex: *nenos/nenas, xefes/xefas*
- Se remata en **-EU** forman o feminino en **-ÍA**: *xudeus/xudías, sandeus/sandías*
- Se acaba en **-vogal tónica** forma o feminino en **-A**: *avós/avoa, nús/núa*
- Se o fai en **consoante ≠ N** constrúese o feminino engadindo un **-A**: *deus/deusa, profesor/profesora*
- Se o masculino remata en **-ÁN** temos dúas maneiras posibles de formar o plural:
 - **Fem. -Á**: *fisterrán/fisterrá, curmán/curmá; irmán/irmá; capitán/capitá; alemán/alemá; afgán/afgá; castelán/castelá, catalán/catalá; coimbrán/coimbrá...*
 - **Fem. -ANA** (nomes pexorativos) *folgazán/folgazana; lerchán/lerchana; galbán/galbana...*
Agás rufián/rufiá; truán/truá; marrán/marrá.



Se o masculino remata en **-ÉN** é **invariable**: ex. *o/a refén*


Formación do xénero

- Se acaba en **-ÍN** forma o feminino en **-INA**: *balarín/balarina; pescantín/pescantina,...* **Agás ruín** (invariábel)
- Se o masculino remata en **-ÓN** o feminino fórmase de dous xeitos:
 - en **-OA**: *leon/leoa, patrón/patroa; ladrón/ladroa-ladra...*
 - En **-ONA** (nomes pexorativos ou con sufixo aumentativo): *mangallón/mangallona, solteirón/solteirona; abusón/abusona...*
- Se o masc. Acaba en **-ÚN** forma o feminino en **-ÚA**: *vacún/vacúa; cabrún/cabrúa; cervún/cervúa. Agás euscaldún/euscalduna; Común* (invariábel); *un/unha; ningún/ningunha; algún/algunha.*



Formación do número

- Temos substantivos **INVARIABLES** que só se empregan en:
- PLURAL (son os que se coñecen como PLURALIA TANTUM)
ex. os lentes, as entrañas; as cóxegas...
- SINGULAR (aqueles que se coñecen como SINGULARIA TANTUM)
ex: o sur, o balor, a plebe, o éter...



Formación do número

- Se o singular remata en **VOGAL, DIT. OU CONS. -N** forma o plural engadindo **-S**: *xersei/xerseis, bailarín/bailaríns,...*
- Se remata en **-R, -Z** engaden **-ES**: *xogador/xogadores, raíz/raíces,...*
- Se rematan en **-L** poden formar o plural de dúas maneiras:
- Se son polisílabas agudas substitúen o **-L** por **-IS**: *animal/animais; pardal/pardais,...*
- Se son monosílabas ou graves, engaden **-ES**: *ril/riles; fácil/fáciles; caníbal/aníbales,...*
- Se o singular remata en **-S** tamén poden formar o plural de dous xeitos:
- Se son agudas (non **-ns**) engaden **-ES**: *compás/compases, o/os luns, ...*
- Se son graves ou esdrúxulas son **INVARIABLES**: *o/os lapis; o/os mércores, o/os oasis,...*



Formación do número

- Se o singular remata **-X** son **INVARIABLES**; *o fax/os fax; o tórax/os tórax, o/os clímax, ...*
- Se o singular remata noutras consoantes engaden **-S**; *club/clubs, sándwich/sándwichs,...*
- Ademais temos plurais irregulares como: **-BEL/-BEIS**: *posíbel/posíbeis; amábel/amábeis, cruel/crueis; fiel/fieis; truel/trueis*



Formación do número

- Nas **PALABRAS COMPOSTAS** cómpre termos en conta:
- Se os elementos da composición aparacen **SOLDADOS**:
- Sobre unha **BASE MONOSÍLABA -L** engaden **-ES**: *ollomol/ollomoles,...* *agás caracol/caracois; aerosol/aerosois.*
- **No resto dos casos** seguen as **regras xerais**: *sapoconcho(s); vagalume(s)*
- Se os elementos da composición **NON** aparecen **SOLDADOS**:
- Se o 1º elemento é **SUBSTANTIVO** engaden o morfema nos dous elementos: *garda civil/gardas civís; peixe(s) sapo(s),...*
- Se a palabra está formada por **SUBST. + DE + SUBST.** engaden o morfema no 1º elemento: *pita(s) do monte; cinto(s) de seguridade,...*
- **COMPOSTOS CON GUIÓN** engaden o morf. nos dous termos: *redactor-xefe/ redactores-xefes,...*

